



INSTRUCCIÓN CONXUNTA DA VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE E A XERENCIA DO 15/03/2019, EN RELACIÓN Á RESOLUCIÓN REITORAL DO 31/05/2018, PRORROGADA POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 17/12/2018, POLA QUE SE ESTABLECE O IMPORTE EXCEPTUADO DA FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA NOS EXPEDIENTES DE GASTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANTECEDENTES

Con data do 17/12/2018, prorrogouse a Resolución reitoral do 31/05/2018 pola se establece o importe exceptuado de fiscalización limitada previa nos expedientes de gasto da Universidade da Coruña. Estas resolucións prevén que no ámbito da súa competencia, a Xerencia e a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (en adiante VEIS) poderán ditar as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e a execución destas resolucións reitorais. Esta Instrución dítase para aclarar as cuestións formuladas en relación coa coas RR de exención de fiscalización limitada previa.

En vista do que antecede, e consonte coas atribucións que recollen os artigos 3 e 9, da Resolución reitoral do 12/01/2016, que establecen respectivamente as competencias da Xerencia e da VEIS,

RESÓLVESE:

Primeiro. Control interno.

Estarán sometidos a fiscalización previa. Modificacións orzamentarias:

- a) Os expedientes de modificación orzamentaria, agás os documentos de redistribución de crédito (documentos: 095 e 091) e os documentos de carga anual do orzamento (CPI, CPG). Os documentos de redistribución de crédito e de carga anual do orzamento contabilizaranse automaticamente en UXXI-EC, mediante o proceso informático habilitado para estes efectos.
- b) Estarán sometidos a intervención previa os expedientes de gasto:
 - De carácter plurianual.
 - De tramitación anticipada (son expedientes anticipados de gasto, os que inician a súa tramitación no exercicio anterior ao inicio da súa vixencia. A súa execución pode realizarse nunha ou varias anualidades pero debe comezar no exercicio ao que se imputa a primeira anualidade do gasto. A súa tramitación efectúase de acordo coa Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto e coa normativa en materia económica e de contratación administrativa ou laboral).

Código Seguro De Verificación	uR5oniXiAA60RofG/IVqjA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	15/03/2019 11:17:30
	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	15/03/2019 10:11:38
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uR5oniXiAA60RofG/IVqjA==		





No caso de expedientes anticipados de gasto contabilizados pola Xerencia (en razón da urxencia ou por outros motivos), a actualización no exercicio corrente do expediente de tramitación anticipada remitirase ao Servizo de Intervención para a su fiscalización.

- Os expedientes de gasto que efectivamente se realizaron durante o exercicio, pero cuxa factura ou xustificante de gasto non se recibiu nas datas establecidas na Instrución anual de peche e non se puidera realizar o documento "ADO" ou "O" no exercicio vixente. O mesmo tratamento aplicarase aos gastos que se formalicen mediante a modalidade de "anticipos de caixa fixa" (ACF).

- c) No caso de expedientes de gasto que deban someterse á validación da Comisión de Asuntos Económicos (en adiante CAE), esta comisión validará, exclusivamente, a omisión padecida. O resto dos trámites do expediente de gasto, adecuaranse ao establecido na normativa que lles sexa de aplicación. É dicir, cando se trate de expedientes exentos de intervención previa, tramitaranse por este procedemento, e, no caso de que deban ser obxecto de fiscalización remitiranse ao Servizo de Intervención.

Nestes casos haberá que acreditar a validación pola CAE. Sen este acordo non poderá continuarse coa tramitación do expediente de gasto.

Á CAE remitirase, para a súa autorización, un acto administrativo que non se formalizou conforme coa normativa e acompañarase da documentación completa e do/s documento/s contable/s que corresponda/n (téñase en conta que o acto administrativo pode estar soportado en varios documentos contables, pero que a validación se exercerá sobre o trámite omitido no expediente).

Segundo. Formalización dos expedientes de gasto.

A normativa en materia electrónica e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, regula a utilización de medios electrónicos polas Administracións Públicas na tramitación dos procedementos administrativos. O dereito das persoas interesadas a relacionarse por medios electrónicos convértese pois nunha obriga para as persoas xurídicas.

En razón ao cumprimento da normativa en materia electrónica, o soporte documental dos expedientes de gasto que se tramiten electronicamente deberá formalizarse cun soporte documental electrónico (é dicir, os documentos que formen parte do expediente tamén deberán ser electrónicos). A tramitación de expedientes mixtos, constituídos por documentación en papel non é válida nos expedientes electrónicos.

Código Seguro De Verificación	uR5oniXiAA60RoFG/IVqjA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	15/03/2019 11:17:30
	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	15/03/2019 10:11:38
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uR5oniXiAA60RoFG/IVqjA=		





Terceiro. Disposición derogatoria.

Derrógase a Resolución da Xerencia, do 10/05/2002, de validación automática en UXXI-EC.

Disposición final

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e terá efectos dende o día da súa publicación. Aplicarase tamén aos expedientes de gasto que estean tramitándose economicamente na data de publicación.

Firmado electrónicamente por:

O xerente

O vicerreitor de Economía,
Infraestruturas e Sustentabilidade

Ramón del Valle López

Domingo Calvo Dopico

Código Seguro De Verificación	uR5oniXiAA60RofG/IVqjA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	15/03/2019 11:17:30
	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	15/03/2019 10:11:38
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uR5oniXiAA60RofG/IVqjA==		

